REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE XIMNASIA RITMICA DO CONCELLO DE XOVE

PREAMBULO

O Concello de Xove, coa inequívoca vocación de prestar máis e mellores servizos aos cidadáns, e o obxecto da protección, fomento e desenvolvemento das actividades físico-recreativas, na medida das súas posibilidades, crea oficialmente a Escola Municipal de Ximnasia Rítmica, satisfacendo así a demanda deste servizo e incentivando o seu uso.

Deste xeito, estímase necesario dotar a dita escola dun marco normativo que regule a súa organización e funcionamento e de conformidade co disposto no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 67 do Regulamento de Servizos das Corporaciósn locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, o Concello opta por levar a cabo a xestión directa da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica.

TITULO PRELIMINAR

A Escola Municipal de Ximnasia Rítmica constitúe o conxunto de medios humáns e materiais que ten como finalidade realizar a actividade de ensino desta modalidade de ximnasia nos seus aspectos técnicos e fundamentalmente tácticos, na súa etapa de iniciación.
A Escola Municipal de Ximnasia Rítmica contribuirá á educación integral do neno e ó desenvolvemento da súa personalidade así como a fomentar o comportamento lúdico e a relación social.

TITULO I. DISPOSICIONS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto do Regulamento.-
É obxecto do presente Regulamento regular a organización e funcionamento da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica de Xove, co gallo de acadar os obxectivos e finalidades a que se refire o Título Preliminar.

Artigo 2.- Participación en torneos e similares.-
A Escola poderá participar en competicións tales como torneos de exhibición, de promoción, campionatos escolares, actos de carácter formativo e similares.
Aqueles alumnos que o desexen poderán federarse a través de clubes, declinando o Concello de Xove calquera responsabilidade a tal efecto.

TITULO II. DOS ALUMNOS E DOS MONITORES

Artigo 3.- Requisitos dos alumnos.-

Poderá formar parte da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica calquera nena ou neno cunha idade mínima de catro anos cumpridos no momento de iniciarse o curso. No caso de que debido á demanda do servizo existise límite de prazas, darase preferencia para a inscrición como alumno da Escola aos nenos e nenas empadroados no Concello de Xove.

Os alumnos da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica teñen a obriga de adoptar unha conducta respetuosa cos profesores e os demáis compañeiros, respectar o mobiliario e as instalacións do local municipal donde se imparten as clases así como aboar os prezos ou tributos establecidos, de ser o caso.

Artigo 5.- Requisitos dos monitores.-
Os monitores da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica, ben sexan contratados directamente polo Concello como parte da súa plantilla de persoal ben sexan contratados externos, deberán ter a titulación de técnico deportivo de ximnasia rítmica, maestría en ximnasia rítmica ou titulación equivalente que os capacite suficientemente para o desenvolmento deste traballo.
Os monitores, además de ensinar a base do traballo técnico, preocuparanse por adaptar as súas ensinanzas ó desenvolvemento de cada neno.

TITULO III. DA ORGANIZACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE XIMNASIA RÍTMICA.

Artigo 6.- Categorías da Escola.-
A actividade da escola organízase en tres categorías: Base, Precompetición e Competición, constituíndo a categoría Base a de inicio no exercicio da ximnasia rítmica. O cambio de categoría virá determinado polo nivel do alumno segundo o criterio do monitor ou monitores.

Artigo 7.- Matrícula e baixas na Escola.-
Tódolos nenos que desexen inscribirse como alumnos da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica deberán formalizar a matrícula durante o mes de agosto do correspondente ano nos modelos normalizados que a tal efecto facilitará o Concello e aboar, de ser o caso o corresponde prezo ou taxa. A estes efectos, o importe de dito prezo ou taxa será o que en cada momento teña aprobado o Concello no correspondente Acordo Regulador ou Ordenanza. Dito importe permanecerá inalterable durante todo o curso.
O Concello procurará dar a máxima publicidade polos medios habituais.

Do mesmo xeito e para o caso de ter en todo momento coñecemento do alumnado da Escola, o Concello proporcionará igualmente un modelo de solicitude de baixa na mesma para o caso de baixas que se produzan durante o curso.

Artigo 8.- Duración e horarios.-
A duración da actividade da escola abrangue todo o curso escolar. As clases impartiranse os venres de cada mes, comenzando o primeiro venres do mes de setembro e rematando o último venres do mes de xuño.

Non obstante, dito horario poderá ser variado de xeito provisional ou definitivo dándose debido coñecemento antes do comenzo de curso que corresponda.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademáis transcurri-lo prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado.

BOP de xullo de 2008